

MAGOA NOS OLLOS

Adela camiña dun lado para outro, inquieta, buliceira, repasando unha e mil veces coa vista cada unha das figuriñas móbiles, sorprendéndose unha e mil veces do que se parecen ás xentes da aldea. Xoga a poñerlles nomes. “... *Podo tocar? ... esa, esa! ves?...*, sí, a do pan, cravadiña á Dorinda, até na maneira de amasar... E aquel de aló, o que come coa culler de pao, ise, ise, o mesmo, é coma Carlos da Casa Vella, ...ai, ho! logo semella que están aquí todos. E mira, mira! Estoutro de alí, o da cana...” A muller que vai con ela reprende a con dozura, “Acouga, ho, non ves que estorbas aos demais?”.

No belén vaise facendo de día e voltan á vida outras personaxes, monotonamente, co rin ran do traballo ben feito durante moitos anos. “*Déixame, ho, desde aí non se ve nada ben e eu aquí non incordio...*”

Xa os reis magos chegaron ao portal en procesión, e no castelo, dende o curuto vixía “...*Herodes, que é un rei moi ruín que mandou matar moitos nenos para ver se entre todos eles ía tamén o neno Xesús, que naceu nun alpendre porque ninguén quixo dar pousada á parturenta e ao seu home...*”.

Ao fondo, tralos cumios das montañas nevados, enxérgábanse casiñas pequenas “...*podo tocar?*” “*De ningunha maneira, que é moi delicado e pódese estropear!*” “*Boh, seguro que non é para tanto...*” “*Adelaaa...*” “*Xa paro, xa paro...*”.

Pero o certo é que non, non paraba, seguiu remexendo, encandilada por todas e cada unha das

personaxes; dende o artesán alfareiro “...que si, igualiño ao Eufrasio, o do muiño...”, até os mesmísimos peixiños do río.

Encenderon as luces e saímos para fóra. Adela chegara nova ao piso de acollida o mes pasado, nun fogar completamente desfeito polos malos tratos e o alcol. Non tiñamos maneira algunha de atravesar a coraza de sentimentos que se interpuña entre ela e o exterior, negábase a relacionarse cos seus compañeiros e gastaba o seu tempo sentada á porta, esperando que algún dos veciños que tanto a axudaran na súa aldea, un pequeno núcleo rural perdido en Castela, resolvese vila buscar a Galiza para formalizar a súa adopción. Nin siquera coa chegada do Nadal e as vacacións

fomos quen de lle erguer o ánimo. A idea de traela aquí, foi do Xoán o rapaz máis vello. “*Se cadra, se sae un pouco conseguimos borrarlle esa mágoa fonda que trae nos ollos. Podíamos ir ver o Belén de Begonte, que é moi fermoso e de seguro que lle fai ilusión...*”. E o Xoán acertara de cheo, a pícara mudara totalmente de actitude e non deixaba de sorrir para os seus compañeiros.

-Gustouche, Adela?

-Bueno, si..., bastante, -dixo facéndose de rogar- todo depende dunha cousa.

-E logo?

-O ano que vén poderei tocar? Aínda non dei sabido se os peixes eran eléctricos ou de *verdá...*